



Expediente núm.: 420/2021

Resolución da alcaldía

Procedemento: Convocatoria Subvención

Asunto: Convocatoria do XXII Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo

Documento asinado por: O Alcalde

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 13 de maio de 2021, por Providencia de Alcaldía, considerouse conveniente efectuar a convocatoria do XXII Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo.

Visto que con data 13 de maio de 2021, emitiuse informe de Secretaría no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para convocar e conceder as subvencións.

Visto que con data 13 de maio de 2021, emitiuse informe de Intervención sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión de devandita subvención e efectuouse a pertinente retención do crédito dispoñible.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e a partida do Orzamento Xeral de 2021 específica para a concesión de subvencións para este programa

RESOLVO,

PRIMEIRO. Aprobar a Convocatoria do XXII Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo, por procedemento de concorrencia competitiva, co texto que figura a continuación da presente resolución.

SEGUNDO. Fornecer, por parte da Intervención, á BDNS a documentación necesaria para que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

Asinado dixitalmente ao marxe.

O Alcalde,

José M^a Bello Maneiro





Expediente núm.: 420/2021

Asunto: Convocatoria do XXII Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo

XXII PREMIO DE INVESTIGACIÓN

XESÚS FERRO COUSELO

PREMIO DE INVESTIGACIÓN

Bases reguladoras para o XXII Premio de Investigación promovido polo Concello de Valga co gallo de homenaxear ao seu Fillo Predilecto XESÚS IGNACIO FERRO COUSELO para promocionar e incentivar os estudos actuais de investigación no campo das ciencias históricas.

PREÁMBULO

O Concello de Valga ven convocando, anualmente, o Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo. Con este premio quérese incentivar os estudos históricos nos ámbitos galego e local, nas especialidades de Etnografía, Paleografía, Numismática, Arqueoloxía, Historia da Arte, estudos históricos ou sobre persoeiros do Concello de Valga.

BASES DA CONVOCATORIA EN LIBRE CONCORRENCIA, PARA SUBVENCIONAR O XXII PREMIO DE INVESTIGACIÓN XESÚS FERRO COUSELO.

1. OBXECTIVO

O obxectivo das presentes bases é regular as condicións do XXII Premio de Investigación nas dúas modalidades de participación.

2. PRESUPOSTO DISPOÑIBLE

A cantidade destinada a esta convocatoria será de 7.000,00 euros en premios, realizándose o gasto con cargo á partida 334.489.01.





3. PERSOAS BENEFICIARIAS

Considéranse persoas beneficiarias destes premios as persoas físicas ou xurídicas que, en calidade autores/as dos traballos presentados á convocatoria sexan seleccionadas como mellores obras da súa modalidade e, polo tanto, premiadas coa correspondente contía económica.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Considéranse persoas participantes, as persoas físicas ou xurídicas, en calidade de autores/as dos traballos presentados sendo estes orixinais e inéditos sobre os temas establecidos.

Non poderán obter a condición de beneficiarias dos premios regulados nestas bases as persoas en quen concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5. MODALIDADES

O XXII Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo consta de dúas modalidades de participación:

– 1ª MODALIDADE

TEMA

Os traballos de investigación presentados circunscribíranse ao ámbito galego, dentro da especialidade da Etnografía, Paleografía, Numismática, Arqueoloxía, Historia ou Historia da Arte.

TRABALLOS

Cada autor/a poderase presentar cunha ou máis obras.

Os traballos presentados deberán estar escritos en lingua galega, ser inéditos e non ter obtido ningún premio anteriormente neste concurso ou en calquera outro.

Os traballos deberán ter unha extensión dun mínimo de 50 e un máximo de 300 páxinas.

PREMIO





O Premio estará dotado con 4.000,00 euros.

– 2ª MODALIDADE

Na 2ª Modalidade, o XXII Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo convoca 1 bolsa de estudos.

TEMA

Os proxectos centraranse en estudos Históricos, Etnográficos ou sobre Persoeiros do Concello de Valga.

TRABALLOS

As persoas participantes presentarán un guión razoado onde se detallará:

- Os obxectivos que se pretenden acadar co traballo.
- A metodoloxía que se vai empregar.
- As distintas fases de realización do traballo coa temporalización de cada unha das fases.
- Calquera outro contido que se estime oportuno para a valoración do proxecto.

PREMIO

Esta bolsa estará dotada con 3.000,00 euros. O 25% da bolsa entregarase unha vez fallado o premio e o 75% restante ao remate do traballo.

CONDICIONANTES

O xurado fará un seguimento do desenvolvemento do traballo premiado, podendo anular en calquera momento a concesión da bolsa se non se cumprisen as fases de realización ou os obxectivos presentados.

6. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Ademais do exposto nos puntos 5 e 6 das presentes bases, a participación rexerese polos seguintes criterios:





a. PRESENTACIÓN

Os traballos dirixiranse ao

Rexistro de Entrada do Concello de Valga

Avda. da Coruña, nº14 - 36645 Valga (Pontevedra)

Deberase presentar:

TRABALLOS

Os traballos presentaranse baixo lema.

Entregaranse 5 copias tamaño A4, con fonte Arial tipo 12 e interlineado simple.

PLICA

No exterior conterá o lema e no interior incluírá o nome e apelidos, enderezo, teléfono do autor/a.

b. PRAZO DE ENTREGA

O prazo de presentación de traballos será ata o día 15 de xuño de 2021.

7. TRATAMENTO DE DATOS

En conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais, en concreto o Regulamento (UE) 2016/679, os datos persoais facilitados formarán parte do tratamento titularidade do Concello de Valga. Os datos non serán cedidos a terceiros salvo que a lei o permita ou o esixa expresamente.

Con carácter xeral, no caso de ser finalista ou resultar premiado/a, os datos persoais, incluída a imaxe física, poderán ser publicados na páxina web ou redes sociais do Concello de Valga ou en calquera outro soporte ou medio con finalidade de promoción do premio. Poderase negar a este tratamento facendo unha solicitude expresa, no Rexistro de Entrada do Concello de Valga, de limitación dos datos persoais.

8. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN





8.1 XURADO

O xurado estará constituído por catro especialistas no eido da investigación, designados/as pola Comisión de Cultura do Concello, que se reservará para si a Presidencia e a Secretaría. O/A Secretario/a terá voz, pero non voto.

A composición final do xurado farase público na páxina do Concello de Valga www.valga.gal e/ou <https://valga.sedelectronica.gal/> e en medios de comunicación.

8.2 FALLO

O xurado, se considera pertinente, poderá dividir o premio, concedéndolles como máximo a dúas obras. Poderá declararse deserto, sempre que os traballos non acaden a calidade desexable.

As obras premiadas quedarán en poder do Concello de Valga. As non galardoadas poderán ser retiradas persoalmente polos/as seus/súas autores/as no prazo dun mes a partir do fallo do xurado.

A Comisión Informativa de Cultura do concello estará facultada para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir da interpretación destas Bases.

O feito de concursar obriga aos/ás autores/as a aceptar as bases desta convocatoria.

8.3 PUBLICACIÓN

O Concello de Valga resérvase o dereito de publicación das obras premiadas en ambas modalidades.

9 PAGO DOS PREMIOS

Resolta a concesión dos premios, o Concello fará o abono dos premios, nas contías e modo establecidos nas presentes bases, mediante transferencia nunha conta bancaria a nome da persoa beneficiaria.

10 ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA





O órgano competente para ditar cantos acordos se requiran no procedemento será a Alcaldía do Concello de Valga.

11 OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIANTES

Son obrigas das persoas participantes a este Premio:

O cumprimento de todos os artigos destas Bases que lle sexan de aplicación.

O/A autor/a gañador/a outorgará ao Concello de Valga, a cambio do importe do premio, o permiso para publicar ou difundir o traballo premiado, facendo referencia á súa autoría.

O/A autor/a gañador/a velará polo uso dunha linguaxe integradora, non sexista, nin discriminatoria de ningún tipo e que promova a igualdade de xénero.

12 RÉXIME XURÍDICO

Ademais do disposto nas presentes bases, a presente convocatoria supeditarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Norma de execución presupostaria que se atope vixente en cada momento de cada convocatoria, e demais normativa que resulte de aplicación.

